

Martes, 8 de abril de 2025

Núm. 67

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Bolsas de emprego

*BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE MONITOR DEPORTIVO
EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓN ANÁLOGAS DA TITULAR*

ANUNCIO

*CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO
POSTO DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA,
INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR*

Na Resolución de Alcaldía 2025-0175, do 27/03/2025, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de monitor deportivo, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo será de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando cumpra de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases da convocatoria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, na data da sinatura electrónica. A Alcaldesa – Asdo. Marta Giráldez Barral.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QW65PWZB3CUTOTLC

